



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría

Rúa Maestranza, s/n

15071 A Coruña

Tel.: 981 167 000

Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Mediante escrito do 02 de decembro de 2019, Fernando Agrasar Quiroga, presidente das comisións de selección designadas para resolver os concursos de méritos convocados por Resolución do 26 de setembro de 2019 para a provisión das prazas 19/1316 e 19/1317 de profesor axudante doutor, comunica a imposibilidade de formar parte das mesmas do secretario, Cristóbal Crespo González.

Consideracións legais e técnicas

1. Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo consello de goberno do 30 de abril de 2014) establecen o procedemento para substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

2. No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución do secretario.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, resolve aceptar a solicitude formulada e dispón a substitución de Cristóbal Crespo González por José Ramón Alonso Pereira, que é o profesor do departamento de maior categoría e antigüidade, de acordo co establecido no apartado 6.5 da antedita Normativa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o/a interesado/a poderá interpoñer, alternativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou, directamente un recurso ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, de conformidade cos artigos 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición contencioso administrativa.

A Coruña, 02 de decembro de 2019

Por delegación do reitor (R.R. 12/01/2016)
O vicerrector de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	AoYLfc3H/5IwfI1c+BuSwg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	02/12/2019 14:29:21
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AoYLfc3H/5IwfI1c+BuSwg==		

